
AS ELECCIÓN DO 20 DE NOVEMBRO E A CLASE TRABALLADORA GALEGA

O próximo 20 de novembro están convocadas eleccións para escoller os/as representantes da cidadanía para o Parlamento do Estado. Unhas eleccións que se dan nun contexto de crise económica que está a ter graves consecuencias para a clase traballadora, tanto polo que se refire á perda de numerosos postos de traballo (en Galiza hai 242.000 desempregados/as), como ao recorte de dereitos e de calidade de vida. Estamos, xa que logo, nunha situación económica e social na que os resultados das eleccións do 20N cobran moita importancia e, polo tanto tamén, a quen lle deamos o noso voto.

A crise económica, provocada por unha economía especulativa ao servizo da banca e das grandes construtoras e polo recorte das rendas da clase traballadora en beneficio do capital, xerando unha enorme concentración da riqueza en poucas mans, converteuse nun ataque e na esixencia dun enorme sacrificio á clase traballadora, como consecuencia das políticas de recorte do gasto público, de redución dos salarios, de conxelación das pensións, de abaratar e facilitar o despedimento, de atrasar a idade de xubilación aos 67 anos, de privatizar as caixas de aforros ou de achegar enormes cantidades de fondos públicos á banca, levadas adiante pola Xunta de Galiza e o Goberno español.

O PSOE no Estado e o PP en Galiza convertéronse nos grandes defensores deste sistema capitalista neoliberal e aplicaron fielmente as políticas que en materia laboral, social, económica ou fiscal lles marcaron o Banco Central Europeo, o Fondo Monetario Internacional ou a Comisión Europea, institucións todas elas ao servizo dos intereses da oligarquía española e europea.

A posibilidade de que o PP poida gañar as eleccións do 20N por maioría absoluta, non só non vai mudar esta situación senón que a mesma vai empeorar aínda moito máis para a clase traballadora, pois van incidir e afondar nas políticas de recorte de dereitos e do gasto social levadas adiante polo PSOE no Estado.

No programa do PP para estas eleccións e nas declaracións dos seus dirixentes, aínda que pretenden disimulalo, xa deixan ver as políticas que van facer: máis facilidades ás empresas para despedir, máis contratación temporal, redución de salarios, xornada laboral máis flexible, recorte do dereito de folga, prioridade dos convenios de empresa sobre calquera outro ámbito, recorte

dos impostos ás grandes empresas e ao capital, recorte do gasto público e privatización do ensino e a sanidade, redución das prestacións por desemprego, etc. Isto é o que nos agarda aos traballadores e traballadoras se gaña as eleccións o PP, a mesma política que o PSOE, pero máis cargada de bombo.

En Galiza temos experiencia de sobras de cal é a política do PP e os intereses de clase que defende: recorte das prestacións sanitarias e farmacéuticas ás persoas sen recursos, colaboración coa patronal nos EREs, supresión de servizos sociais, recorte do gasto no ensino e na sanidade pública, abandono

dos nosos sectores produtivos, entrega da caixa de aforros á banca privada, persecución do idioma galego, autoritarismo, antigaleguismo e submisión ao poder central e á oligarquía española.

O noso voto é moi importante. A maioría dos/as deputados/as e os/as senadores/as do Parlamento español, co seu voto, aprobaron as leis responsábeis do recorte de dereitos laborais e

sociais conquistados pola clase traballadora tras moitos anos de loita. Mirade se ten importancia o voto e, polo tanto, a ideoloxía dos deputados e senadores que elixamos o 20N.

Desde a CIG facémosvos un chamamento, a todos os traballadores e traballadoras de Galiza, a que, ao igual que nas mobilizacións sociais, participedes activamente nestas eleccións (a dereita si o vai facer) apoiando e votando a aquelas forzas políticas que, na rúa ou nas institucións, estiveron connosco loitando contra estas medidas políticas tan antisociais e antio-breiras e defendendo un novo modelo económico e social máis xusto, solidario e democrático. En Galiza, esas forzas políticas que nos apoiaron, e para as que nós pedimos o voto, son as forzas políticas galegas, nacionalistas e de esquerdas.

**Vota forzas
políticas galegas,
nacionalistas e de
esquerdas.**

